



## ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
XGL/2018/23	A Xunta de Goberno Local

<b>DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN</b>	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	11 de xuño de 2018
<b>Duración</b>	Desde as 20:00 ata as 20:28 horas
<b>Lugar</b>	SALA DE SESIÓNS
<b>Presidida por</b>	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
<b>Secretario</b>	BERTA ALONSO SOTO

<b>ASISTENCIA Á SESIÓN</b>		
<b>DNI</b>	<b>Nome e Apelidos</b>	<b>Asiste</b>
77010633D	ANDRES GARCIA BASTON	SÍ
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	NON
78734984G	JESÚS ANTONIO PEREZ GALLEGO	SÍ
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	SÍ
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	NON
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁNGELA VIZOSO MARCOS	NON



Concello de Cangas

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

### A) PARTE RESOLUTIVA

#### Aprobación da acta da sesión anterior realizada en data 4 de xuño de 2018

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local realizada o día 4 de xuño de 2018.

#### Expediente 2802/2018. Proposta da Policía Local para sinalización no Igrexario-Aldán

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

CEIP

ESPIÑEIRA Fixa A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente o informe emitido en data 05.06.2018 pola Policía Local, para sinalización na zona do Igrexario de Aldán, que é como segue:

*"A xefatura da policía local de Cangas e o departamento de sinalización de tráfico por medio do presente escrito fan constar:*

*Que atendendo a pedimento do colectivo veciñal do Igrexario de Aldán para sinalización e mellora da seguridade viaria na zona especialmente nos meses de verán, PROPONSE:*

*Establecer unha zona peonil preferente, atendendo ao disposto no artigo 7.1 da ordenanza de zonas peonís de Cangas.*

*A sinalización vertical procedente, consistirá na colocación de dous paneis, coa lenda 'ZONA PEONIL PREFERENTE, CIRCULACIÓN PROHIBIDA AGÁS AUTORIZADOS, CARGA E DESCARGA E ACTOS RELIXIOSOS', nos accesos á igrexa, pola estrada PO 315 e pola estrada de acceso ao Peirao de Aldán, respectivamente.*

*No recinto interior estableceranse dúas zonas de estacionamento reservado, con sinalización vertical e horizontal, unha destinada a residentes autorizados e outra a carga e descarga e actos relixiosos, de 9,00 a 21,00 horas, que tamén poderá ser empregada polos residentes fóra do citado horario".*

#### Expediente 1586/2018. Dación de conta de autorizacións concedidas pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para a instalación de quioscos desmontables de tempada-verán 2018

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



**Concello de Cangas**

A Xunta de Goberno Local queda informada do escrito de data 06.06.2018 da Alcaldía, referente ás autorizacións concedidas pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para instalación de quioscos de tempada na zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre, que di o seguinte:

"O alcalde-presidente, D. Xosé Manuel Pazos Varela, dá conta á Xunta de Goberno Local das autorizacións concedidas pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para a instalación de quioscos desmontables de tempada, desde o 1 de xuño ata o 30 de setembro de 2018, na zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre no termo municipal de Cangas:

Primeiro.- Concesión de licenza de apertura para instalación de quiosco desmontable en terreo privado, en zona de servidumbre, durante a tempada de verán 2018, autorizado administrativamente pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio. Cumprindo coas condicións do anexo.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo aos interesados e aos departamentos de Intervención, Xestión de Ingresos e Estatística.

1. E.M.V., para a instalación de un quiosco de 20,00 m2., no lugar de Praia de Pinténs-O Hío, Cangas.
- 2.-R.P.R., para a instalación de un quiosco de 18,50 m2., no lugar de Praia de Santa Marta-Darbo.
- 3.- T.L.C., para a instalación de un quiosco de 20,00 m2., no lugar de Praia de Area Brava-Pinténs, O Hío.
- 4.- M.M.S.B., para a instalación de un quiosco de 10,00 m2., no lugar de Praia de Rodeira, Cangas.
- 5.- M.C.F., para a instalación de un quiosco de 16,00 m2., no lugar de Praia de Area Brava-O Hío.
- 6.- B.S.C., para a instalación de un quiosco de 20,00 m2., no lugar de Praia de Viñó-Nerga, O Hío.
- 7.- J.O.O., para a instalación de un quiosco de 20,00 m2., no lugar de Praia de Area Brava, O Hío.
- 8.- E.F.M.S., para a instalación de un quiosco de 20,00 m2., no lugar de Praia de Viñó-Nerga, O Hío.
- 9.- M.L.J., para a instalación de un quiosco de 18,00 m2., no lugar de Praia de Rodeira, Cangas.
- 10.- G.C.P., para a instalación de un quiosco de 15,00 m2., no lugar de Praia de Francón-Aldán, Cangas.
- 11.- S.J.C., para a instalación de un quiosco de 20,00 m2., no lugar de Praia de Areacova-Aldán, Cangas.

---

**Concello de Cangas**



12.- R.C.F., para a instalación de un quiosco de 19,00 m<sup>2</sup>., no lugar de praia de Nerga-O Hío, Cangas.

13.- A.V.P.H., para a instalación de un quiosco de 20,00 m<sup>2</sup>., no lugar de praia de Liméns-O Hío, Cangas.

14.- A.P.M., para a instalación de un quiosco de 20,00 m<sup>2</sup>., no lugar de Praia de Pinténs-O Hío, Cangas.

15.- R.B.G., para a instalación de un quiosco de 20,00 m<sup>2</sup>., no lugar de Praia de Arneles-O Hío, Cangas.

### ANEXO

*As licenzas outorgadas estarán sometidas ás seguintes;*

### *CONDICIÓNS*

1°.- Previamente á instalación deberase proceder ao pagamento das taxas que por concesión de licenza temporal lle sexan liquidadas pola Intervención Municipal.

2°.- O horario de apertura será de 10,00 horas atás as 22,00 horas.

3°.- Queda prohibida calquera tipo de ambientación musical.

4°.- Deberá depositar o lixo e desperdicios no colector do lixo máis próximo, debendo habilitar, a súa costa, un colector no caso de que os de propiedade municipal resulten insuficientes. O abandono da limpeza ou aspecto degradado na instalación será causa suficiente para a anulación da autorización.

5°.- A autorización municipal é intransferible.

6°.- Queda prohibida a venda ou elaboración de calquera tipo de comidas, puidéndose unicamente proceder á venda de bebidas e xeados, non admitíndose tampouco o consumo de comidas aportadas polos usuarios.

7°.- Todas as súas conducións de servizo terán que ser soterradas e o sistema de saneamento garantirá unha eficaz eliminación das augas residuais, así como a ausencia de malos cheiros. Con este obxecto, as instalacións deberán conectarse á rede de sumidoiros xeral si existe, quedando en todo caso prohibido os sistemas de drenaxe e absorción que poidan afectar á área ou á calidade das augas de baño.

8°.- A instalación será desmontada trascorridos 15 días desde a súa extinción.

9°.- Non se permitirá a execución de obras de fábrica debendo efectuarse a instalación con materiais desmontables de cor branco, madeira ou similares.

10° O prazo de vixencia estenderase desde o día 1 xuño ata o 30 de setembro do 2018.

11° Disporase do correspondente certificado sanitario e do seguro de accidentes para os/as usuarios.

12° O/A titular e o persoal ás súas ordes deberá exhibir, en calquera momento no que así se solicite, por calquera autoridade competente para iso, a correspondente autorización.

13° Observarase o previsto no Rd 2817/83, de 13 de outubro e na Orde do 31 de marzo de 1976 (BOE do 24 de abril).



14°. Advírteselle ao interesado que no caso de instalación de terraza sen cumprimentación dos requisitos solicitados, procederase por parte da Policía Local ao levantamento inmediato desta, dando lugar, así mesmo, ás accións legais que o Concello estime oportunas.

**Expediente 2827/2018. Licenza urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 2.827/2018.- A "NEDGIA GALICIA SA", con domicilio a efectos de notificación en xx, para no lugar de xx, autorizar a ocupación de dominio público e conceder licenza de obras para executar unha acometida, de conformidade coa documentación presentada polo enxeñeiro xx, de maio de 2018 e coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

\* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

\* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de trescentos euros (300,00 €) para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de "NEDGIA GALICIA SA", o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

\*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

\*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, da existencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

**Expediente 6915/2017. Licenza urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 6915/2017.- Outorgar a I.V.A., con enderezo no xx, licenza de obras para no lugar de xx, regulado pola ordenanza 12, solo non urbanizable de tolerancia exterior (SNUA), construír unha vivenda unifamiliar de 143,15 m<sup>2</sup>., de planta baixa e 82,90 m<sup>2</sup>., de terrazas (referencia catastral xx), de conformidade co proxecto técnico elaborado polo arquitecto xx, de data de visado 13 de marzo de 2018 e as condicións impostas pola



Consellería de Infraestruturas e Vivenda de datas 16 e 30 de xaneiro de 2018 e autorización da Consellería de Cultura de data 8 de maio de 2018. Deberá cumprir co sinalado pola Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, no referente aos materiais a empregar nos núcleos de poboación e tamén en canto á obriga de conexión cos servizos existentes no núcleo e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza. O presuposto de execución material ascende a cento corenta mil seiscientos cincuenta e sete euros con trinta e cinco céntimos (140.657,35 €).

#### Expediente 2360/2018. Licenza urbanística

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 2.360/2018.- A "NEDGIA GALICIA SA", con domicilio a efectos de notificación en xx, autorizar a ocupación de dominio público na xx e conceder licenza de obras para executar unha acometida, de conformidade coa documentación presentada polo enxeñeiro xx e coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

\* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

\* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de trescentos euros (300,00 €) para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de "NEDGIA GALICIA SA", o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

\*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

\*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

#### Expediente 2382/2018. Comunicación previa en materia urbanística

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento



Concello de Cangas

EXPEDIENTE Nº 2382/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por M.A.G.L., titular do DNI nº xx, con enderezo a efectos de notificacións no lugar da xx, para realizar un cerramento parcial de parcela sita no referido lugar (referencia catastral xx), de conformidade coa documentación incorporada ao expediente de data maio de 2018. O presuposto de execución material ascende a mil catrocentos cincuenta euros (1.450,00 €).

**Expediente 2814/2018. Comunicación previa en materia urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 2814/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por "FUNDACIÓN CASA DE LA VIRGEN", para mellora do acabado da envolvente do colexio sito no lugar de xx (referencia catastral xx), de conformidade coa documentación presentada polo arquitecto técnico xx de data maio de 2018. O presuposto de execución das obras ascende a douscentos nove mil cincocentos cinco euros con vinte e oito céntimos (209.505,28 €).

Acéptase a renuncia do valor expropiatorio das obras recollidas no expediente arriba citado de data 6 de xuño de 2018.

**Expediente 1404/2018. Comunicación previa en materia urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 1404/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por L.M.O., titular do DNI nº xx, con enderezo a efectos de notificacións no lugar xx, para cambio de tella de hórreo sito no referido lugar, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente de data 15 de marzo de 2018 e segundo as condicións do informe favorable da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de data 4 de xuño de 2018. O presuposto de execución material ascende a mil oitocentos quince euros (1.815,00 €).

**Expediente 2362/2018. Comunicación previa en materia urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 2362/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por R.G.F., titular do DNI nº xx, con enderezo a efectos de notificacións en rúa xx, para substitución de cuberta de vivenda sita no referido lugar (referencia catastral xx), de conformidade coa documentación redactada polo arquitecto técnico xx de maio de 2018. O presuposto de execución material ascende a once mil novecentos trinta e cinco euros con noventa céntimos (11.935,90 €).

**Expediente 1334/2017. Infracción urbanística nº 37/2016**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850





A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía de data 04.06.2018, referente a expediente de infracción urbanística nº 37/2016, que di o seguinte:

*"Resultando que no lugar do Espírito Santo-Coiro, polos responsables que se indican nesta resolución realiaronse obras sen a preceptiva licenza municipal consistentes en: unha nova edificación.*

*Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados: J.O.R.M., promotor.*

*Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística, segundo o determina o artigo 157 da Lei 2/16, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, que pode tipificarse en principio como leve segundo sinala o artigo 158.4 da mesma norma.*

*Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que aos feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 300 e 6.000.- euros, de acordo co establecido no art. 161.1.a) da referida Lei 2/16, indicándolle ao infractor que as sancións impostas ao abeiro desta lei reduciránse na súa contía nun 50%, se son aboadas no prazo de período voluntario e, neste mesmo prazo, o infractor amosa por escrito a súa conformidade coa sanción e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo.*

*Visto o establecido nos artigos 157 ao 164 da Lei 2/16 e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 163.c) da citada lei.*

*Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*PRIMEIRO.- Incoar expediente sancionador a J.O.R.M., por infracción urbanística, de conformidade coa Lei 2/2016 de 10 de febreiro, do solo de Galicia polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución.*

*SEGUNDO.- Nomear como órgano instrutor do procedemento sancionador a M.R.G., sendo secretaria deste a do Concello; así mesmo, estarase ao establecido sobre abstención e recusación nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.*

*TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador, é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, en virtude do artigo 163.1 c) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia da Lei 7/85 e Decreto de delegación de data 2 de xullo de 2015.*

*CUARTO.- Indicar aos interesados o dereito que lles concede o artigo 161.4 da Lei 2/2016 de recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que terá dereito a unha redución do 90% da sanción que debe impoñerse no caso de que repoña por si mesmo a realidade física alterada antes da resolución do procedemento sancionador.*

*QUINTO.- Comunicar ao instrutor a iniciación do expediente con traslado de cantas*





*actuacións existan respecto diso e simultaneamente, notificar a presente resolución (de selo caso ao denunciante) aos interesados, indicándolles que disporán dun prazo de QUINCE DÍAS para achegar cantas alegacións, documentos e información estimen convenientes e, no seu caso, propor proba concretando os medios de que pretendan valerse, quedando o expediente a súa disposición na oficina de Urbanismo, advertindo aos interesados de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN.*

*SEXTO.- Advertir aos interesados que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.*

*SÉTIMO.- Notifíquese o acordo ós interesados, facendo constar que non pon fin á vía administrativa e que por tratarse dun mero trámite, contra esta non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpoñer o que estime mais conveniente".*

#### **Expediente 576/2017. Infracción urbanística nº 40/2016**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía de data 05.06.2018, referente a expediente de infracción urbanística nº 40/2016, que di o seguinte:

*"Concluído o expediente de protección da legalidade urbanística incoado respecto dos actos de construción que se levaron a cabo sen a preceptiva licenza municipal, no lugar de San Cibrán-Aldán, consistentes en: realizar un muro de contención de mampostería de pedra (sobre outro de formigón xa realizado) que chega aos 5,00 metros con respecto ao lindeiro.*

*Resultando que con data 8 de febreiro do 2017, o técnico municipal considera as obras ilegalizables por seren incompatibles coas determinacións urbanísticas establecidas ao respecto nas Normas Subsidiarias de Planeamento de Cangas, epígrafe 2.12 das Normas Urbanísticas I.*

*Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados 'JUELMAR SL', promotor.*

*Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística segundo o determina o artigo 157 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, pode tipificarse en principio como grave segundo sinala o artigo 158.3 da mesma norma.*

*Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que aos feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 6.001 a 60.000 euros, de acordo co establecido no art. 161.1 .b) da referida Lei 2/16, indicándolle ao infractor que as sancións impostas ao abeiro deste lei reduciranse na súa contía nun 50% se son aboadas no prazo de período voluntario e neste mesmo prazo, o infractor amosa por escrito a súa conformidade con estas e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo.*

*Visto o establecido nos artigos 157 ó 164 da Lei 2/16 e de acordo coas atribucións que teño*



*legalmente conferidas polo artigo 163.c da citada lei.*

*Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*PRIMEIRO.- Incoar expediente sancionador a 'JUELMAR SL', por infracción urbanística de conformidade coa Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución.*

*SEGUNDO.- Nomear como órgano instrutor do procedemento sancionador a M.R.G., sendo secretaria deste a do concello; así mesmo, estarase ao establecido sobre abstención e recusación nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.*

*TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, en virtude do artigo 163.1 c) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia da Lei 7/85 e Decreto de delegación de data 2 de xullo de 2015.*

*CUARTO.- Indicar aos interesados o dereito que lles concede o artigo 161.4 da Lei 2/2016 de recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que terá dereito a unha redución do 90% da sanción que debe impoñerse no caso de que repoña por si mesmo a realidade física alterada antes da resolución do procedemento sancionador.*

*QUINTO.-. Comunicar ao instrutor a iniciación do expediente con traslado de cantas actuacións existan respecto diso e simultaneamente, notificar a presente resolución (de selo caso ao denunciante) aos interesados, indicándolles que disporán dun prazo de QUINCE DÍAS para achegar cantas alegacións, documentos e información estimen convenientes e, no seu caso, propor proba concretando os medios de que pretendan valerse, quedando o expediente a súa disposición na oficina de urbanismo, advertindo aos interesados de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN.*

*SEXTO.- Advertir aos interesados que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.*

*SÉTIMO.- Notifíquese o acordo aos interesados, facendo constar que non pon fin á vía administrativa e que por tratarse dun mero trámite, contra esta non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpoñer o que estime mais conveniente”.*



**Expediente 2717/2018. Informe do PEPRI para aprobación de táboa de peche 10ª Fase-Obxetivos 2011**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente o informe emitido en data 31.05.2018 pola arquitecta da oficina de rehabilitación, xx, referente á táboa de peche 10ª Fase-Obxetivos 2011, que é como segue:

“INFORME

Primeiro.- En data 14.05.2012 asínase o convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello de Cangas en materia de actuacións na Área de Rehabilitación Integral del Casco Antigo e Zona ampliada de Cangas-10ª Fase, na Comunidade Autónoma de Galicia (Plan Estatal de Vivienda e Rehabilitación 2009-2012), no que se concedeu actuacións para 35 vivendas.

Segundo.- Ningunha das solicitudes recibidas foi excluída.

Terceiro.- Para os Obxetivos 2011-10ª Fase, foron aceptadas 23 actuacións, ao día da data, das 23 actuacións tramitadas ao remate da fase cumpriron obxetivos e remataron 22 actuacións e 1 expediente renunciou por motivos familiares dos propietarios.

O orzamento total protexido aceptado pola Consellería de Vivenda e Solo era de setecentos sesenta e un mil seiscientos un euros (761.601,00 €), para rehabilitación e de cento vinte e sete mil setecentos setenta e catro euros con trece céntimos (127.774,13 €), para urbanización e reurbanización. O custo total das actuacións establécese en novecientos corenta e catro mil setecentos noventa e un euros con setenta e nove céntimos (944.791,79 €), que inclúe cincuenta e cinco mil catrocentos dezaseis euros con sesenta e seis céntimos (55.416,66 €), para financiar os gastos do equipo técnico de xestión.

Cuarto.- En data 14.03.2015 asínase o acordo da Comisión Bilateral (Rd 233/2013, de 5 de abril), referente á Área de Rexeneración e Renovación Urbana do Casco Vello de Cangas, segundo o plan estatal de fomento de aluguer de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016- ANUALIDADE 2015, no que se incorporan, con cargo ao Plan de Vivenda 2013-2016, as actuacións previstas no Programa Obxetivos 2011, correspondente ao ARI de C.A. e zona ampliada de Cangas.

Neste convenio de refinanciamento dos obxetivos 2011-Fase 10ª, o orzamento total protexido aceptado pola Consellería de Vivenda e Solo era de catrocentos setenta e oito mil cento corenta e catro euros (478.144,00 €), para rehabilitación e de cento once mil setecentos setenta e catro euros con dezaseis céntimos (111.774,16 €), para urbanización e reurbanización. O custo total da actuación establécese en seiscientos noventa e seis mil cincocentos sesenta e oito euros con dezaseis céntimos (696.568,16 €), que inclúe cento seis mil cincocentos noventa e oito euros con dezaseis céntimos (106.598,16 €) para financiar os gastos do equipo técnico de xestión.

Quinto.- Segundo o anteriormente exposto dase por finalizada a FASE 10ª- Obxetivos 2011 e achégase para a súa aprobación a táboa de peche 10ª Fase-Obxetivos 2011, cos datos económicos definitivos dos beneficiarios das axudas.



**Concello de Cangas**

Promotor/solicitante (BENEFICIARIO FINALISTA)	NIF	Enderezo	Tipo actuacións	Nº Viv.	Uso viv.	m2 útiles	Orzamento previsto	Fin previsto actuación ou prazo en meses	¿O promotor solicita dereito a préstamo convindo?	Mº Vª	XUNTA (IGVS)
			Ver tipos do artigo 58 RD 2066/2008								
			Rehab. Viv.	1	Aluguer	33,50	9.685,65 €	31/12/2013	NON	3.620,00 €	3.620,00 €
			Rehab. Viv.	1	Propio	72,00	23.741,00€	31/12/2013	NON	4.000,00 €	4.000,00 €
			Rehab. Viv.	1	Propio	72,60	15.107,02€	31/12/2013	NON	4.500,00 €	4.500,00 €
			Rehab. Viv.	1	Propio	49,00	11.702,99€	31/12/2013	NON	3.900,00 €	3.900,00 €
			Rehab. Viv.	1	Aluguer	38,15	12.894,00€	31/12/2015	NON	3.980,00 €	3.980,00 €
			Rehab. Viv.	1	Propio	44,00	12.807,93€	31/12/2014	NON	4.700,00 €	4.700,00 €
			Rehab. Viv.	1	Propio	64,00	12.807,93€	31/12/2014	NON	4.700,00 €	4.700,00 €
			Rehab. Viv.	1	Aluguer	125,70	97.000,00€	31/12/2015	NON	5.000,00 €	5.000,00 €
			Rehab. Viv.	1	Aluguer	113,17	70.000,00€	31/12/2015	NON	5.000,00 €	5.000,00 €
			Rehab. Viv.	1	Aluguer	125,74	70.000,00€	31/12/2015	NON	5.000,00 €	5.000,00 €
			Rehab. Viv.	1	Aluguer	128,39	70.000,00€	31/12/2015	NON	5.000,00 €	5.000,00 €
			Rehab. Viv.	1	Propio	53,00	18.880,00€	31/12/2014	NON	5.000,00 €	5.000,00 €
			Rehab. Viv.	1	Aluguer	92,00	68.210,00€	31/12/2015	NON	5.000,00 €	5.000,00 €
			Rehab. Viv.	1	Aluguer	52,38	49.017,00€	31/12/2015	NON	5.000,00 €	5.000,00 €
			Rehab. Viv.	1	Aluguer	44,81	49.017,00€	31/12/2015	NON	5.000,00 €	5.000,00 €
			Rehab. Viv.	1	Propio	92,00	8.400,00€	31/12/2014	NON	3.150,00 €	3.150,00 €
			Rehab. Viv.	1	Propio	94,00	8.400,00€	31/12/2014	NON	3.150,00 €	3.150,00 €
			Rehab. Viv.	1	Propio	94,00	8.400,00€	31/12/2014	NON	3.150,00 €	3.150,00 €
			Rehab. Viv.	1	Propio	94,00	8.400,00€	31/12/2014	NON	3.150,00 €	3.150,00 €
			Rehab. Viv.	1	Aluguer	33,00	30.888,00€	31/12/2015	NON	5.000,00 €	5.000,00 €
			Rehab. Viv.	1	Aluguer	81,30	18.900,00€	31/12/2015	NON	5.000,00 €	5.000,00 €

**Concello de Cangas**

Avenida de Castela, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



**Concello de Cangas**

			Rehab. Viv.	1	Propio	115,10	83.000,00€	31/12/2015	NON	5.000,00 €	5.000,00 €
							757.258,52€			97.000,00€	97.000,00€

Actuacións urbanización - reurbanización

Rúa/Praza	Descrición actuación	Orzamento previsto	Fin previsto actuación ou prazo execución en meses	Subv. Prevista		TODO EN 2016	
				Mº Vª	XUNTA (IGVS)		
PRAZA DO ARCO	PROXECTO DE URBANIZACIÓN DA PRAZA DO ARCO	127.774,13 €	31/12/2016	20.000,00€	20.000,00€		
	Sumas	127.774,13 €		20.000,00€	20.000,00€	20.000,00".	

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



**Expediente 2226/2018. Dación de conta de concesión de subvención pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para a creación ou mellora de infraestruturas e equipamentos nos concellos de Galicia-ano 2018 (MT300A)**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local queda informada da Resolución da Alcaldía de data 07.06.2018, referente a Orde da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, de concesión de subvencións para a creación ou mellora de infraestruturas e equipamentos nos concellos de Galicia para o ano 2018, que di o seguinte:

*“RESOLUCIÓN*

*Visto o disposto na Orde da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de data do 25 de abril de 2018, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas á creación ou mellora de infraestruturas e equipamentos nos concellos de Galicia para o ano 2018 (código de procedemento xx).*

*Presentado o proxecto elaborado ao abeiro da sinalada orde, denominado 'ACONDICIONAMENTO E RENOVACIÓN SUPERFICIAL DA ALAMEDA NOVA CONCELLO DE CANGAS', polo importe total de catrocentos noventa e nove mil novecentos sesenta e dous euros con oito céntimos (499.962,08 €).*

*De conformidade co artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime local, esta Alcaldía, RESOLVE:*

*Primeiro.- Solicitar ao abeiro da Orde da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de data do 25 de abril de 2018, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas á creación ou mellora de infraestruturas e equipamentos nos concellos de Galicia para o ano 2018, unha axuda polo importe de trescentos corenta e nove mil novecentos noventa e sete euros con corenta e cinco céntimos (349.997,45 €), para a execución do 'ACONDICIONAMENTO E RENOVACIÓN SUPERFICIAL DA ALAMEDA NOVA CONCELLO DE CANGAS', cun importe total de catrocentos noventa e nove mil novecentos sesenta e dous euros con oito céntimos (499.962,08 €) (IVE incluído) e aceptando expresamente as condicións de financiamento e os demais requisitos establecidos na orde.*

*Segundo.- Que con data do 19 de xaneiro de 2018, este Concello remitiu as contas correspondentes ao exercicio 2016 ao Consello de Contas de Galicia.*

*Terceiro.- Que o Concello de Cangas para a esta actuación que solicita axuda, non solicitou ningunha outra axuda ou subvención de entidade pública ou privada.*

*Cuarto.- Que este concello posúe a viabilidade do proxecto no ámbito que se realizan as actuacións obxecto desta solicitude de subvención”.*



Concello de Cangas

**Expediente 2723/2018. Solicitud de devolución de fianza ou cancelación de aval**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Primeiro.- Recoñecer a devolución do aval bancario por importe de mil cincocentos vinte e nove euros con cincuenta e nove céntimos (1.529,59 €), depositado pola empresa "Promociones Valentín y Veiga SL", con CIF nº xx, depositada no expediente de licenza de obra nº 19.208, para responder das obras de urbanización correspondentes á parcela xx do Concello de Cangas.

Segundo.- Notificar este acordo á empresa interesada.

**Expediente 2146/2017. Concesión do servizo de axuda no fogar**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de ampliación do servizo de axuda no fogar e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

\* CONCEDERLLE a M.T.N.V., con DNI nº xx e con expediente nº xx, a ampliación do servizo de axuda no fogar a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:

Prestacións:

- \* Atencións de carácter persoal.
- \* Atencións de carácter psicosocial.
- \* Atencións de carácter doméstico.

Custo total do servizo: oitocentos corenta e sete euros con setenta céntimos (847,70 €) (doce euros con once céntimos (12'11 €/hora)).

Achega económica da persoa usuaria: cento setenta e sete euros con dez céntimos (177,10 €/mes).

Número de horas: 70 horas.

Data de efectos de ampliación no SAF: a partir do 15 de xuño de 2018.

---

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850





Concello de Cangas

**Expediente 2128/2017. Concesión do servizo de axuda no fogar**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de ampliación do servizo de axuda no fogar e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

\* **CONCEDERLLE** a A.R.V., con DNI nº xx e con expediente nº xx, a ampliación do servizo de axuda no fogar a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:

Prestacións:

- \* Atencións de carácter persoal.
- \* Atencións de carácter psicosocial.
- \* Atencións de carácter doméstico.

Custo total do servizo: cincocentos corenta e catro euros con noventa e cinco céntimos (544,95 €) (doce euros con once céntimos (12,11€/hora).

Achega económica da persoa usuaria: 0,00 €/mes.

Número de horas: 45 horas.

Data de efectos de ampliación no SAF: a partir do 15 de xuño de 2018.

---

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

**Expediente 2068/2018. Concesión de axudas do servizo de comedor escolar curso 2017/2018**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta do concelleiro de ensino e deportes de data 05.06.2018, referente a aprobación definitiva das axudas do servizo de comedor escolar, curso 2017/2018, que é como segue:

*"PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS AXUDAS DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR, CURSO 2017/2018*

*Xoán Carlos Chillón Iglesias, concelleiro de ensino e deportes do Concello de Cangas*

**PROPÓN**

*Á Xunta de Goberno Local a aprobación definitiva das axudas do servizo de comedor escolar destinado a alumnos/alumnas de educación infantil (segunda etapa) e de educación primaria, para o curso 2017-2018.*

Nº REXISTRO	APELIDOS E NOME SOLICITANTE	APELIDOS E NOME USUARIO/A	CENTRO DOCENTE CEIP PRAZA// DIAS	BONIFICACIÓN	RESOLUCIÓN	MOTIVO
4077	xx	xx	CEIP ESPÍÑEIRA / FIXA	100 %	Concedida	Emerxencia Social
		xx				

*Nota: A axuda prevista é para os meses de maio e xuño, segundo a necesidade da familia".*

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



**Expediente 2610/2018. Dación de conta de Auto nº 51/2018 do Xulgado do Contencioso-Administrativo Nº 2 de Pontevedra recaído no procedemento ordinario nº 165/2018**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local queda informada de proposta da Alcaldía de data 05.06.2018, referente ao Auto nº 51/2018 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra, que é como segue:

*"Visto o contido do Auto nº 51/018, de 30 de maio de 2018, ditado no procedemento ordinario nº 165/2018 do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Pontevedra, instruído a instancia da Administración Xeral do Estado contra o Concello de Cangas, en relación coa realización do proceso participativo convocado polo Concello de Cangas para a determinación dos festivos locais e coa parte dispositiva que de seguido se reproduce:*

*'- Declarar terminado o presente procedemento por recoñecemento total en vía administrativa das pretensións da parte recorrente.*

*- Arquivar as actuacións.*

*- Engadir certificación literal ao recurso e o orixinal ao libro rexistro correspondente'.*

*Polo exposto, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:*

**ACORDO**

*Primeiro.- Tomar coñecemento do Auto nº 51/018, de 30 de maio de 2018, ditado no procedemento ordinario nº 165/2018 do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Pontevedra, instruído a instancia da Administración Xeral do Estado contra o Concello de Cangas.*

*Segundo.- Deixar constancia do acordo adoptado no expediente de referencia nº 2610/2018, dando conta deste a apoio xurídico, a Secretaría e á Concellería de participación veciñal, transparencia e asociacionismo".*

**Expediente 2217/2018. Concesión de subvención directa á "Asociación Cultural Xiria" (Urxencia)**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Visto que con data 30 de maio de 2018 foron aprobados os orzamentos nos que se consignaba con cargo á aplicación orzamentaria 330.48.04 o outorgamento da concesión de subvención de maneira directa á entidade "Asociación Cultural XIRIA", con CIF nº xx, por importe de quince mil euros (15.000,00 €).

Visto o certificado de existencia de crédito de intervención de data 11 de xuño de 2018.



**Concello de Cangas**

A Xunta de Goberno Local, acorda:

**PRIMEIRO.-** Outorgar a "Asociación Cultural XIRIA", unha subvención por importe de quince mil euros (15.000,00 €) para o desenvolvemento da "XXXV Mostra internacional de teatro cómico e festivo de Cangas" do 29 de xuño ao 8 de xullo de 2017.

**SEGUNDO.-** Proceder á autorización e disposición do gasto e anticipar o pago por un importe de doce mil euros (12.000,00 €), con cargo á correspondente aplicación orzamentaria.

**TERCEIRO.-** Notificar aos interesados e requiririlles para a sinatura do convenio.

**CUARTO.-** Formalizar a subvención no correspondente convenio, no que se detallan as obrigacións e compromisos do concesionario para aplicar a subvención e xustificala, co seguinte texto:

*"CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A 'ASOCIACIÓN CULTURAL XIRIA' E O CONCELLO DE CANGAS PARA DESENVOLVER A 'XXXV MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO CÓMICO E FESTIVO DE CANGAS'*

*REUNIDOS*

*Por unha banda, D. Xosé Manuel Pazos Varela, alcalde-presidente do Concello de Cangas.*

*Por outra banda, D. M.X.M.A., con DNI nº xx, presidenta da 'Asociación Cultural XIRIA', con CIF nº xx e domicilio en rúa xx.*

*INTERVEÑEN*

*Ambas as partes, no exercicio das competencias que teñen legalmente atribuídas, recoñecéndose reciprocamente, capacidade e abrogándose nos termos deste documento.*

*EXPOÑEN*

*PRIMEIRO.- Que o Concello, de conformidade co art. 25.2 m) da Lei 7/85, de 2 de abril, ostenta entre as súas competencias a promoción da cultura, debendo prestar cantos servizos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións culturais da cidadanía.*

*SEGUNDO.- Que a 'Asociación Cultural XIRIA' é unha asociación sen ánimo de lucro, encargada de organizar e xestionar diferentes proxectos en prol da recuperación, defensa e promoción do patrimonio cultural de Galicia, centrando a súa actividade no cine e moi especialmente nas artes escénicas.*

*TERCEIRO.- Que a 'Asociación Cultural XIRIA', organiza a 'Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas', desde a súa creación, no ano 1984, sendo o festival teatral máis antigo e un dos máis prestixiosos entre os que se celebran en Galicia.*

*CUARTO.- Que, se ben o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, segundo o artigo 19 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán concederse de forma directa as seguintes subvencións:*

*a) As previstas nominativamente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma nos termos*

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



*recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións.*

*b) Aquelas cuxo otorgamiento ou contía veñan impostas á administración por unha norma de rango legal, que seguirán o procedemento de concesión que lles resulte de aplicación de acordo coa súa propia normativa.*

*c) Con carácter excepcional, aqueloutras subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.*

*QUINTO.- Que segundo o artigo 26.1 da Lei de subvencións de Galicia, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta.*

*SEXTO.- Que ámbalas partes manifestan un mutuo interese por:*

- 1. A cooperación entre ámbalas entidades para favorecer a divulgación e fomento das actividades teatrais entre os habitantes do Concello de Cangas.*
- 2. Desenvolver a 'XXXV MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO CÓMICO E FESTIVO DE CANGAS' do 29 de xuño ao 8 de xullo de 2018.*

*Que en consecuencia, estando ámbalas partes comprometidas e de conformidade nos mesmos obxectivos, acordan para os efectos oportunos subscribir un convenio de colaboración suxeito ás seguintes:*

#### **CLÁUSULAS**

*PRIMEIRA.- A 'Asociación Cultural XIRIA' coorganizará co Concello de Cangas a 'XXXV MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO CÓMICO E FESTIVO DE CANGAS'.*

*SEGUNDA.- O Concello de Cangas comprométese a:*

- Aportar a cantidade de quince mil euros (15.000€) á Asociación Cultural XIRIA para o desenvolvemento da 'XXXV MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO CÓMICO E FESTIVO DE CANGAS'.*
- Aboar en concepto de pago anticipado, de acordo co previsto no artigo 31.6 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, un total de doce mil euros (12.000,00 €). Non se esixirá garantía.*

*TERCEIRA.- A 'Asociación Cultural XIRIA' comprométese a:*

- Executar no desenvolvemento da 'XXXV MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO CÓMICO E FESTIVO DE CANGAS', o orzamento elaborado que se achega a este convenio.*
- Someterse ás actuacións de comprobación e organización que os órganos competentes do Concello realicen respecto da xestión da solvencia e especificamente no relativo á celebración de espectáculos e actividades.*



- *Notificar ao Concello calquera modificación que se pretenda realizar no proxecto inicialmente presentado, que deberá ser autorizado previamente.*
- *Facer constar de forma clara que a actividade está subvencionada ou patrocinada polo Concello, nos exemplares dos programas, carteis, convocatorias de actividades e en toda a información gráfica, escrita e sonora que se realice con motivo do programa.*

*CUARTA.- A 'Asociación Cultural XIRIA' comprométese, así mesmo, a presentar no Concello de Cangas, no prazo de 90 días posteriores á finalización do evento, os documentos acreditativos da xustificación da subvención, que incluírán memoria detallada do programa da actividade desenvolvida, orzamento de ingresos e gastos realizados e facturas orixinais xustificativas dos gastos, nos termos dispostos no artigo 28 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*

*QUINTA.- Establécese a obrigação por parte da 'Asociación Cultural XIRIA', de reintegrar os fondos no suposto de incumprimento dos requisitos e obrigações establecidas no presente convenio e, en todo caso, nos supostos regulados no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009 e nos artigos 74 a 76 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*

*SEXTA.- No non previsto neste convenio estarase ao disposto na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeneral de subvencións e no Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeneral de subvencións".*

*En proba da súa conformidade, asinan as partes o presente convenio por duplicado, en Cangas a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2018.*

*Polo Concello de Cangas*

*Pola 'Asociación Cultural XIRIA'*

*O ALCALDE*

*A PRESIDENTA*

*Xosé Manuel Pazos Varela*

*María Xosé Mariño Abal".*

**Expediente 2216/2018. Concesión de subvención directa a "Ningures Producción SL" (Urxencia)**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Visto que con data 30 de maio de 2018 foron aprobados os orzamentos nos que se consignaba con cargo á aplicación orzamentaria 330.48.03 o outorgamento da concesión de subvención de maneira directa á entidade "Ningures Producción SL", con CIF nº xx, por importe de seis mil euros (6.000,00 €).

Visto o certificado de existencia de crédito de intervención de data 11 de xuño de 2018.

A Xunta de Goberno Local, acorda:



PRIMEIRO.- Outorgar entidade "Ningures Producción SL", unha subvención por importe de seis mil euros (6.000,00 €) para o desenvolvemento da escola de artes escénicas de Cangas durante o exercicio 2018.

SEGUNDO.- Proceder á autorización e disposición do gasto e anticipar o pago por un importe de catro mil oitocentos euros (4.800,00 €), con cargo á correspondente aplicación orzamentaria.

TERCEIRO.- Notificar aos interesados e requiririlles para a sinatura do convenio.

CUARTO.- Formalizar a subvención no correspondente convenio, no que se detallan as obrigacións e compromisos do concesionario para aplicar a subvención e xustificala, co seguinte texto:

*"CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE 'NINGURES PRODUCCIÓN SL' E O CONCELLO DE CANGAS PARA A ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DUNHA ESCOLA DAS ARTES ESCÉNICAS EN CANGAS (Exercicio 2018).*

#### *REUNIDOS*

*Por unha banda, D. Xosé Manuel Pazos Varela, alcalde-presidente do Concello de Cangas.*

*Por outra banda, D. S.R.P., con DNI nº xx, administrador de 'Ningures Producción SL', con CIF nº B xx e domicilio na avenida de xx.*

#### *INTERVEÑEN*

*Ambas as partes, no exercicio das competencias que teñen legalmente atribuídas, recoñecéndose reciprocamente, capacidade e abrogándose nos termos deste documento.*

#### *EXPOÑEN*

*PRIMEIRO.- Que o Concello, dentro das competencias que ten atribuídas pola lexislación vixente e en concreto as referidas no artigo 25 da Lei 7/85, de 2 de abril, modificada por Lei 57/03, de 16 de decembro, reguladora das bases do Réxime local e no referente ás actividades e instalacións culturais, ten entre os seus propósitos a formación, fomento, promoción e produción de actividades culturais.*

*SEGUNDO.- Que 'Ningures Producción SL', é unha entidade que organiza e xestiona diferentes proxectos en prol da recuperación, defensa e promoción do patrimonio cultural de Galicia, centrando a súa actividade nas artes escénicas.*

*TERCEIRO.- Que 'Ningures Producción SL', desenvolve unha ESCOLA DAS ARTES ESCÉNICAS en Cangas.*

*CUARTO.- Que, se ben o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitárase en réxime de concorrencia competitiva, segundo o artigo 19 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán concederse de forma directa as seguintes subvencións:*

*a) As previstas nominativamente nos orzamentos xerais da comunidade autónoma nos termos*





*recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións.*

*b) Aquelas cuxo otorgamento ou contía veñan impostos á administración por unha norma de rango legal, que seguirán o procedemento de concesión que lles resulte de aplicación de acordo coa súa propia normativa.*

*c) Con carácter excepcional, aqueloutras subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.*

*QUINTO.- Que segundo o artigo 26.1 da Lei de subvencións de Galicia, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta.*

*SEXTO.- Que ambas as partes manifestan un mutuo interese por:*

- 1. A cooperación entre ámbalas entidades para favorecer a divulgación e fomento das actividades teatrais entre os cidadáns do Concello de Cangas.*

*Desenvolver unha ESCOLA DAS ARTES ESCÉNICAS en Cangas (Exercicio 2018).*

*Que en consecuencia, estando ámbalas partes comprometidas e de conformidade nos mesmos obxectivos, acordan para os efectos oportunos subscribir un convenio de colaboración suxeito ás seguintes:*

#### *CLÁUSULAS*

*PRIMEIRA.- 'NINGURES PRODUCCIÓN SL', organizará coa colaboración e patrocinio do Concello de Cangas, unha ESCOLA DAS ARTES ESCÉNICAS E Cangas.*

*SEGUNDA.- O Concello de Cangas comprométese a aportar a cantidade de seis mil euros (6.000,00 €), a 'Ningures Producción SL', para o desenvolvemento dunha ESCOLA DAS ARTES ESCÉNICAS en Cangas (Exercicio 2018), e aboar en concepto de pago anticipado, de acordo co previsto no artigo 31.6 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, un total de catro mil oitocentos euros (4.800,00 €). Non se esixirá garantía.*

*TERCEIRA.- 'Ningures Producción SL', desenvolve unha Escola das Artes Escénicas en Cangas no Auditorio Municipal de Cangas.*

*Ordena a formación en tres cursos ou niveis:*

#### *1.- CURSO DE INTERPRETACIÓN*

*(Corpo emoción e voz)*

*Horario: martes de 19:00 a 21:00 horas.*

*Curso completo:*

- 2 horas semanais*
- 1 día á semana*



**Concello de Cangas**

- 32 semanas lectivas
- 64 horas de formación
- 8 mensualidades

## 2.- CURSO DE TEATRO PARA NENAS E NENOS

(idades comprendidas entre os 6 e os 12 anos)

Horario: mércores e xoves de 17:30 a 18:30 horas.

Curso completo:

- 2 horas semanais
- 2 días á semana
- 32 semanas lectivas
- 64 horas de formación
- 8 mensualidades

## 3.- CURSO DE TEATRO PARA XÓVENES

(idades comprendidas entre os 13 e os 17 anos)

Horario: mércores de 19:00 a 21:00 horas.

Curso completo:

- 2 horas semanais
- 1 día á semana
- 32 semanas lectivas
- 64 horas de formación
- 8 mensualidades

## 4.- CURSO DE POSTA EN ESCENA DUNHA MONTAXE TEATRAL

Horario: xoves de 19:00 a 21:00 horas e sábado de 11:00 a 13:00 horas.

Curso completo:

- 4 horas semanais
- 2 días á semana
- 32 semanas lectivas
- 128 horas de formación
- 8 mensualidades
- Respresentación do espectáculo na primeira semana de xullo de 2017

CUARTA.-' Ningures Producción SL', comprométese a:

- Executar o desenvolvemento dunha ESCOLA DAS ARTES ESCÉNICAS en Cangas (Exercicio 2018). O orzamento elaborado que se achega a este convenio.

- Someterse ás actuacións de comprobación e organización que os órganos competentes do

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello realicen respecto da xestión da solvencia e especificamente no relativo ás clases impartidas.

- Notificar ao Concello calquera modificación que se pretenda realizar no proxecto inicialmente presentado, que deberá ser autorizado previamente.

- Facer constar de forma clara que a actividade está subvencionada ou patrocinada polo Concello, nos exemplares de programas, carteis, convocatorias de actividades e en toda a información gráfica, escrita e sonora que se realice con motivo do desenvolvemento da escola.

QUINTA.- 'Ningures Producción SL', comprométese, así mesmo, a presentar no Concello de Cangas, no prazo de 90 días posteriores a finalización do evento, os documentos acreditativos da xustificación da subvención, que incluírán memoria detallada do programa da actividade desenvolvida, presuposto de ingresos e gastos realizados e facturas orixinais xustificativas dos gastos, nos termos dispostos no artigo 28 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

SEXTA.- Establécese a obrigaón por parte de 'Ningures Producción SL', de reintegrar os fondos no suposto de incumprimento dos requisitos e obrigaóns establecidas no presente convenio e, en todo caso, nos supostos regulados no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009 e nos artigos 74 a 76 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

SÉTIMA.- No non previsto neste convenio estarase ao disposto na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeneral de subvencións e no Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeneral de subvencións.

En proba da súa conformidade, asinan as partes o presente convenio por duplicado, en Cangas a ..... de ..... de 2018.

Polo Concello de Cangas

Por 'Ningures Producción SL'

ALCALDE – PRESIDENTE

Representante legal

Asdo.: Xosé Manuel Pazos Varela

Asdo.: S.R.P."

**Expediente 2943/2018. Aprobación borrador convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra, o Concello de Cangas e a Comunidade de Montes veciñais en man común do Hío, para o desenvolvemento do protocolo xeral para a posta en valor dos xacementos galaico-romanos da provincia de Pontevedra (Urxencia)**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía de dta 11.06.2018, referente a aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra, o Concello de Cangas e a Comunidade de montes veciñais, para o desenvolvemento do protocolo xeral para a posta en valor dos xacementos galaico-romanos da



provincia de Pontevedra, que é como segue:

*"PROPOSTA*

*Aprobación borrador convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra, o Concello de Cangas e a Comunidade de Montes veciñais en man común do Hío, para o desenvolvemento do protocolo xeral para a posta en valor dos xacementos galaico-romanos da provincia de Pontevedra.*

*Visto o borrador de convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra, o Concello de Cangas e a Comunidade de montes veciñais en man común do Hío, para o desenvolvemento do protocolo xeral para a posta en valor dos xacementos galaico-romanos da provincia de Pontevedra.*

*Esta alcaldía propón á Xunta de Goberno Local:*

*Primeiro.- Aprobar o borrador de convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra, o Concello de Cangas e a Comunidade de montes veciñais en man común do Hío, para o desenvolvemento do protocolo xeral para a posta en valor dos xacementos galaico-romanos da provincia de Pontevedra.*

*Segundo.- Declarar que a esta entidade local non se lle concederon outras axudas ou subvencións coa mesma finalidade e asume o compromiso de comunicar, no seu caso, as que obteña nun futuro.*

*Terceiro.- Declarar que esta entidade non está incurso en causas de prohibición para percibir axudas ou subvencións públicas asumindo o compromiso das condicións desta.*

*Cuarto.- Declarar que esta entidade está ao corrente coas súas obrigas tributarias (co Estado e coa Comunidade Autónoma), coa Seguridade Social e non ten débedas de ningún tipo coa Deputación de Pontevedra. Ao mesmo tempo, autoriza á institución provincial a obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria, da Comunidade Autónoma, da Tesourería da Seguridade Social e da propia institución provincial".*



**Expediente 1565/2018. Proposta da Alcaldía para aprobación da convocatoria e as bases do proceso de selección de 3 condutores para o vehículo motobomba do servizo de brigada forestal temporada 2018 (Urxencia)**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía de data 11.06.2018, referente a aprobación da convocatoria e as bases do proceso de selección de 3 condutores/conductoras para o vehículo motobomba do servizo de brigada forestal-tempada 2018, que é como segue:

*"Visto que a temporada de verán e polo tanto a de maior risco de incendio é inminente e dado que o Concello ten subscrito un convenio de colaboración coa Consellería do Medio Rural e do Mar para a participación na prevención e defensa contra os incendios forestais mediante a actuación de medios de prevención e defensa, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020.*

*Visto que desde o servizo se ten informado da necesidade de contratar 3 condutores/conductoras para manter a citada operatividade do vehículo motobomba, segundo se desprende do informe de data 31 de marzo de 2018 que se incorpora ao expediente propoñendo convocar un proceso de selección con aprobación das bases deste para a cobertura das mencionadas prazas, en réxime de persoal laboral temporal, mediante o sistema de oposición, con previsión dun listado de substitucións para cubrir dun xeito rápido e áxil os postos de producirse algunha baixa ou renuncia que puideran comprometer a operatividade do vehículo durante a vixencia do convenio.*

*Tendo os concellos atribuídas competencias en materia de protección do medio rural, protección civil e a prevención e extinción de incendios, a teor dos artigos 80 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia e 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladoras das Bases de réxime Local, trala reforma introducida pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local.*

*Cómpre proceder a adoptar con urxencia as disposicións oportunas para manter a operatividade do vehículo motobomba municipal obxecto do citado convenio.*

*Vista a existencia de crédito, da que queda constancia no expediente, para acometer as contratacións mencionadas.*

*Visto o contido dos informes, de fiscalización emitido pola Intervención Municipal en data 31.05.2018 e de Secretaría de data 08.06.2018 que constan no expediente, respecto aos que cómpre significar que como sinalan ambos informes a contratación temporal de persoal laboral é acorde a normativa de aplicación, se ben o informe da intervención significa a necesidade de cumprir co disposto no artigo 19.2 da Lei 3/2017, de carácter básico, que prescribe que:*

*'Non se poderá proceder á contratación de persoal temporal, así como ao nomeamento de persoal estatutario temporal e de funcionarios interinos excepto en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables'.*

*Sinalando incluso que de acordo co disposto nas bases de execución dos orzamentos de 2017, prorrogados en 2018 vixentes no momento de emitir o seu informe, este tipo de contratación*



*sería posible se ben entende que a Lei 3/2017 non ofrece esta posibilidade polo que o recurso á contratación laboral temporal para este tipo de traballos recorrentes entende que debe estimarse que non respecta a normativa vixente. A este respecto hai que recordar que como se ten exposto responde a necesidades urxentes e inaprazables como é o mencionado inicio da tempada de alto risco de incendios e que non se trata dun caso recorrente, pois como tamén consta no expediente responde á vixencia dun convenio puntual que permite con carácter extraordinario acometer a presente contratación, razóns que entendemos implican que no presente caso concorre a excepcionalidade prevista na normativa exposta no informe de intervención.*

*Respecto ao informado pola secretaria xeral no seu informe de data 08.06.2018, cómpre modificar o borrador de bases para incluír a designación do tribunal do proceso selectivo, así como, a modificación do apartado relativo á presentación de instancias para que non caiba dúbida da posibilidade de presentar estas en calquera das posibilidades establecidas na liña apuntada no devandito informe.*

*Por outra banda en canto aos restantes incumprimentos procedimentais sinalados pola secretaria no seu informe, cómpre sinalar que os requisitos aos que fai referencia como diversos prazos ou a designación previa do tribunal só están predeterminados normativamente respecto da selección de funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo, pero non para os supostos de convocatorias para seleccionar funcionarios interinos e persoal laboral temporal. Débese recordar a necesidade de observar na selección deste tipo de persoal procedementos áxiles que respectarán en todo caso, os principios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade e libre concorrència. De seguir os requisitos formais sinalados para a ocupación das prazas en propiedade seguindo o patrón dos procesos selectivos dos funcionarios de carreira estariase a desvirtuar a axilidade mencionada e a mesma posibilidade de nomeamento de persoal laboral temporal polos motivos de urxencia expostos. Recordar ademais, que sen prexuízo da regra xeral, en determinados casos excepcionais pode aceptarse un medio de publicidade distinto, mais atenuado, cando isto veña xustificado por razóns de urxencia e para garantir as necesidades do servizo, como afirma a Sentenza do TSJ Castilla A Mancha de 2 de maio de 2002.*

*En consideración ao anteriormente exposto traslado á Xunta de Goberno Local para a súa aprobación a seguinte:*

#### **PROPOSTA**

**PRIMEIRO.-** *Aprobar as bases para a selección e posterior contratación que literalmente din:*

**<<BASES PARA A SELECCIÓN DE 3 CONDUTORES/CONDUTORAS PARA O VEHÍCULO MOTOBOMBA DO SERVIZO DE BRIGADA FORESTAL TEMPORADA 2018**

**PRIMEIRA.-** **OBXECTO, RÉXIME DE CONTRATACIÓN E SISTEMA DE SELECCIÓN**

*O obxecto das presentes bases é a selección e posterior contratación de 3 condutores/condutoras para vehículo motobomba para a brigada municipal de prevención de incendios forestais dentro do marco do convenio de colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e do Mar e o Concello de Cangas para a participación na prevención e defensa contra os incendios forestais mediante a actuación de medios de prevención e defensa, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de*





*desenvolvemento rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020.*

*A contratación será de carácter laboral e temporal, cunha duración máxima de tres meses en réxime de xornada completa, cun salario bruto mensual de mil cento trinta e cinco euros (1.135,00 €). A duración do contrato contarase a partir da data da súa sinatura. A duración do contrato poderá ser reducida por debaixo do máximo indicado para adaptala á do convenio de colaboración.*

*Efectuada a selección dos/das aspirantes, o Concello de Cangas procederá á súa contratación, utilizando a modalidade de contrato temporal por circunstancias da produción.*

*Cos aspirantes que tendo superado o proceso selectivo e pola nota final non acadasen praza, confeccionarase un listado para cubrir as baixas ou renuncias que se puideran producir entre o persoal que si resultase seleccionado, adxudicándose a contratación ao seguinte aspirante en puntuación:*

*O sistema de selección será o de oposición.*

#### **SEGUNDA.- PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA**

*As presentes bases estarán expostas ao público, no taboleiro de anuncios do Concello (<http://cangas.sedelectronica.gal/board/>) e con carácter complementario na páxina web do concello (<http://cangas.gal/>) durante o prazo sinalado para a presentación de instancias, publicando un anuncio da convocatoria no BOP de Pontevedra. O taboleiro de anuncios municipal será o medio para dar publicidade a todas as notificacións dos actos que deriven do proceso selectivo iniciado coas presentes bases.*

*Durante o período de presentación de instancias poderán presentarse reclamacións fronte ás bases. De presentarse reclamacións as bases no período indicado –que non suspenderán o prazo para a remisión de instancias para participar no proceso selectivo- a selección demorarase ata a resolución destas. De ser aceptada ou aceptadas algunha das reclamacións ou suxestións formuladas, abrirase un novo período de presentación de instancias de conformidade coas bases modificadas. Contra a resolución que estime ou desestime as reclamacións ás bases, non caberá recurso ningún, sen prexuízo de poder recorrer tal circunstancia xunto coa resolución que poría fin ao procedemento.*

#### **TERCEIRA.- REQUISITOS DOS/DAS ASPIRANTES**

*Para ser admitido/admitida á realización das probas selectivas os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:*

- a) Posuír a nacionalidade española ou atoparse comprendido no eido de aplicación do art. 57 do Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público.*
- b) Ter cumpridos dezoito anos de idade e non ter acadado a idade de xubilación forzosa.*
- c) Posuír a capacidade funcional necesaria para o desenvolvemento das tarefas que se van realizar.*
- d) Estar en posesión do título de graduado escolar, FPI ou equivalente.*
- e) Estar en posesión do carné C en vigor.*
- f) Non ter sido apartado mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás comunidades autónomas ou as entidades locais, nin estar inhabilitado para o exercicio de*





*funcións públicas.*

*g) Non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade.*

*h) Ter satisfeito as taxas por dereitos de exame.*

#### **CUARTA.- DEREITOS DE EXAME**

*Será requisito necesario para poder participar na proba selectiva o aboamento dos dereitos de exame dentro do período previsto para a presentación de instancias. Segundo o establecido na ordenanza fiscal municipal correspondente a cantidade a aboar son oito euros con cincuenta e dous céntimos (8,52 €), (deberá facerse previa obtención da correspondente folla de liquidación na Tesourería do Concello).*

#### **QUINTA.- SOLICITUDES E MODO DE PRESENTACIÓN DESTAS**

*Os/As que desexen tomar parte nas probas selectivas deberán facelo constar presentando a instancia dirixida á Alcaldía do Concello de Cangas, que deberá ser entregada no rexistro xeral de entrada do Concello de Cangas, no prazo de dez días naturais a contar dende o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria e en horario de atención ao público. Estas solicitudes obrigatoriamente deberán presentarse no modelo oficial coa referencia **PRAZA CONDUTOR/CONDUTORA MOTOBOMBA** e incluíndo nome, apelidos, domicilio e enderezo electrónico, a efectos de notificación e teléfono.*

*A presentación de solicitudes poderá facerse en calquera das formas establecidas no art. 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; as solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo funcionario de Correos antes de seren certificadas.*

*Caso de que a instancia non se presente directamente no rexistro xeral do concello o/a aspirante deberá dirixir por fax ao 986304850 ou por correo electrónico ao enderezo electrónico [xuridico@cangas.gal](mailto:xuridico@cangas.gal), unha copia da instancia na que figure a data de presentación no rexistro correspondente con anterioridade ao remate do prazo, para os efectos de que poida ser incluída na relación de admitidos/admitidas.*

*O modelo inclúe a declaración polo que se fai constar expresamente o cumprimento dos requisitos establecidos na base terceira, sen prexuízo de que ao final do proceso selectivo se deba acreditar documentalmente ese cumprimento de acordo co disposto na base novena. Malia isto deberá procederse a esta acreditación en calquera momento anterior se así o existe o negociado de persoal do Concello ou o tribunal de selección.*

*Xunto coa instancia no modelo oficial presentarase o resguardo acreditativo do pagamento das taxas, fotocopia simple do DNI.*

*A non presentación de calquera destes documentos será motivo de exclusión.*

*Aqueles aspirantes que queiran quedar exentos da proba de galego presentarán ademais a documentación que segundo a base relativa a esta proba dá dereito a esta exención.*

*Os aspirantes quedan vinculados aos datos que fixeran constar na súa solicitude, se ben os erros de feito que poidan advertirse poderán subsanarse ou repararse en calquera momento, ben de oficio, ben a instancia de parte.*



*SEXTA.- ADMISIÓN DOS/DAS ASPIRANTES*

*Finalizado o prazo de presentación de instancias, a presidencia da corporación aprobará a lista provisional de admitidos/admitidas e excluídos/excluídas, especificando, no seu caso, os motivos da exclusión, o que será exposto no taboleiro de anuncios deste Concello. Os/As aspirantes excluídos/excluídas disporán dun prazo de 3 días hábiles contados a partir do seguinte ó da publicación para poder emendar, no seu caso o defecto que motivase a exclusión. No suposto de producirse reclamación, ditarase nova resolución estimándoas ou desestimándoas o que se fará público, igualmente no taboleiro de anuncios do Concello no prazo de 2 días hábiles do remate do prazo anterior.*

*O feito de figurar incluído na relación de admitidos/admitidas non prexulga que se lle recoñeza aos/ás interesados/interesadas a posesión dos requisitos esixidos no proceso selectivo convocado, os cales deberán ser xustificados documentalmente no suposto de que os/as aspirantes admitidos/admitidas superen a proba selectiva.*

*Esta resolución incluírá data, hora e lugar de realización da proba.*

*SÉTIMA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR*

*O tribunal que xulgará as probas terá por obxecto garantir e supervisar o correcto desenvolvemento do proceso en todas as súas fases. Estará composto por cinco membros. Non poderá constituírse sen a asistencia como mínimo de tres dos seus membros titulares ou suplentes.*

*Os membros titulares e suplentes terán igual ou maior titulación ca esixida aos aspirantes á praza convocada e terán voz e voto.*

*Os/as membros do tribunal deberán absterse de intervir, comunicándolle á Alcaldía cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime xurídico do sector público.*

*Así mesmo, os aspirantes, poderán recusar os membros do tribunal cando nos mesmos concorran algunha das circunstancias previstas para a abstención de conformidade co establecido no art. 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.*

*A composición efectiva do tribunal, será a seguinte:*

*PRESIDENTE: Fabián Fernandez Gomez.*

*SECRETARIO: Segundo Lagoa Santos*

*Vocal 1º: Ana María Rial Acosta*

*Vocal 2º: Angel Manuel Graña Iglesias*

*Vocal 3º: Cesáreo Coya Portas*

*Suplente indistinto: Jaime Fernández Alves*

*Suplente indistinta: Cristina Padín Martínez*

*Suplente indistinta: Mª Mar Núñez Villar*

*Suplente indistinto: Pablo Cordeiro Rodal*

*Suplente indistinto: Jose Luis Tievo Soliño*



*O tribunal poderá contar coa colaboración dos asesores externos que considere oportunos, que actuarán con voz e sen voto, limitándose a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.*

#### **OITAVA.– SISTEMA DE SELECCIÓN, FORMA DE DESENVOLVEMENTO E SISTEMA DE CUALIFICACIÓN**

*A oposición consistirá na realización dos seguintes exercicios:*

##### **PROBA PRÁCTICA**

*Os/As aspirantes a condutor/condutora quedan convocados para a realización da proba práctica, de carácter eliminatorio no día e hora que se estableza na resolución na que se publique o listado provisional de admitidos/admitidas e excluídos/excluídas, polo tribunal procederase a realizar un chamamento único, para a realización da proba, na que se valorarán a experiencia e correcto manexo e manobras, nas condicións esixidas polo tribunal do camión motobomba municipal e accesorios deste, así como, as condicións físicas axeitadas dos aspirantes. O tribunal poderá formular preguntas relativas ao exercicio das funcións como condutor/condutora de camión motobomba. A puntuación máxima na proba práctica será de 98 puntos sendo necesario obter 49 puntos para entender superada esta.*

##### **PROBA DE COÑECEMENTO DA LÍNGUA GALEGA**

*Os aspirantes que teñan superado a proba práctica serán convocados no día, hora e lugar que sinale o tribunal para a realización dunha proba de coñecemento da lingua galega de carácter non eliminatorio que consistirá na tradución castelán-galego e/ou galego-castelán dun texto proposto polo tribunal de non menos de cinco liñas. A proba valorarase de 0 a 2 puntos.*

*Quedarán exentos da realización deste exercicio os/as aspirantes que acrediten estar en posesión do certificado en lingua galega – nivel 2 (CELGA 2) ou superior, ou a súa validación, ou a certificación do curso de lingua galega de iniciación. Os/As aspirantes que acheguen dito certificado se puntuarán con 2 puntos. O certificado será presentado ao tribunal con antelación á realización da proba.*

##### **NOVENA.- CUALIFICACIÓN E PROPOSTA DE CONTRATACIÓN**

*Rematado o proceso de selección o tribunal determinará a cualificación final do proceso. No suposto de empate na cualificación final de dous ou máis aspirantes, este resolverase mediante a realización dunha serie de preguntas oralmente ou por escrito en relación coas funcións do posto a desenvolver entre os/as aspirantes empatados.*

*A continuación, o tribunal fará público o resultado do proceso e elevará ao órgano de contratación a correspondente proposta de contratación que incluíra os aspirantes propostos para ser contratados e os propostos para integrar o listado de substitucións que estará constituído por aqueles aspirantes que tendo superado a puntuación mínima non obtivesen praza por orde de puntuación.*

*O Concello de Cangas procederá á contratación temporal dos/das candidatos/candidatas que obtiveran a maior puntuación en función do número de prazas ofertadas especificadas nesta convocatoria.*



*DÉCIMA.– INTERPRETACIÓN DAS BASES*

*As presentes bases vinculan á administración local convocante, ao tribunal cualificador e aos/ás aspirantes que participen no proceso.*

*O tribunal cualificador queda facultado durante o desenvolvemento do proceso de selección para resolver as dúbidas e incidencias que presenten a súa aplicación, podendo adoptar resolucións, criterios e medidas respecto daqueles aspectos non regulados na presente convocatoria e para o bo desenvolvemento do proceso.*

*UNDÉCIMA.– NORMA FINAL*

*As presentes bases e cantos actos administrativos deriven destas e das actualizacións do tribunal de selección, poderán seren impugnados nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas e polo disposto nas presentes bases.*

*Así mesmo, a administración municipal poderá, no seu caso, proceder á revisión das resolucións dos tribunais conforme co previsto na devandita Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.*

*ANEXO I*

*INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCESO SELECTIVO PARA CUBRIR AS PRAZAS DE CONDUTOR/CONDUTORA CAMIÓN MOTOBOMBA PARA O CONCELLO DE CANGAS, ANO 2018*

*APELIDOS, NOME:*

*DNI:*

*TELÉFONO:*

*ENDEREZO:*

*ENDEREZO ELECTRÓNICO:*

*Solicita ser incluído/incluída na relación de aspirantes admitidos/admitidas no proceso selectivo de 3 CONDUTORES/CONDUTORAS PARA O VEHÍCULO MOTOBOMBA para o ano 2017 convocado polo Concello de Cangas.*

*Por medio do presente declara que non se atopa incurso/incursa en ningunha causa de incompatibilidade ou incapacidade que determine a lexislación vixente e que cumpre todos os requisitos esixidos na convocatoria (en particular os expostos na base terceira), que conta co carné de conducir esixido na convocatoria e se compromete a mantelo en vigor durante toda a duración do contrato e que non foi separado/separada mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas, nin atoparse inhabilitado/inhabilitada para o exercicio das funcións públicas.*

*Cangas, de de 2018.*

*Asdo. : .....*

*DOCUMENTACIÓN OBRIGATORIA A PRESENTAR XUNTO Á PRESENTE SOLICITUDE:*



**Concello de Cangas**

*(...) A presente instancia, debidamente cuberta e asinada.*

*(...) Fotocopia do DNI.*

*(...) Xustificante acreditativo do pago das taxas.*

**DOCUMENTACIÓN OPCIONAL:**

*(...) Certificado en lingua galega – nivel 2 (CELGA 2) ou superior, ou a súa validación, ou a certificación do curso de lingua galega de iniciación.*

**ALCALDÍA DO CONCELLO DE CANGAS>>**

*SEGUNDO.- Convocar o proceso selectivo mencionado e ordenar que se sigan todos os trámites ata que se proceda á contratación e aprobación de listado previsto nas bases.*

*TERCEIRO.- Que se proceda a publicación das bases de acordo co disposto nestas".*

**B) ACTIVIDADE DE CONTROL**

Non hai asuntos

**C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES**

Non hai asuntos

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

---

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850